



PROXECTO DO CEE PRÍNCIPE FELIPE PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA 2016/17 DO PLAN EDUEMPRENDE

Xustificación

Neste curso 2016-2017 iniciamos nova oferta educativa. O centro desenvolve tres Programas Formativos de FPB: Xardinería, Servizos de Restauración e Reprografía para alumnado de 15 a 21 anos.

Dentro dos Programas Formativos pretendemos traballar a competencia de "*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*" a través da creación dunha cooperativa escolar. Con ese fin, participamos no proxecto de DEPOEMPRENDE no apartado EMC (Unha empresa no meu centro). Entendemos que entrar no programa Atrévete pode ser complementario, para a formación e o achegamento do noso alumnado ao sector empresarial e o seu funcionamento.

Dentro das opcións do Programa, adáptase mellor as nosas necesidades a oferta para Primaria:

- Charla, que é emprender?
- Experiencias emprendedoras na comarca
- Visita ao centro integrado de FP

Obxectivos

O Obxectivo Xeral é desenvolver o espírito emprendedor e habilidades para a vida adquirindo hábitos e condutas de forma autónoma a través do desenvolvemento de capacidades emprendedoras como:

- Traballo en equipo
- Iniciativa
- Planificación
- Resolución de Problemas
- Flexibilidade
- Comunicación, e
- Creatividade

Obxectivos específicos

- Desenvolver a capacidade de formarse unha imaxe axustada a sí mesmo, das súas características e posibilidades en relación co seu entorno socio profesional.
- Desenvolver a capacidade creativa, iniciativa e espírito emprendedor na elaboración e desenvolvemento de estratexias persoais de formación.
- Desenvolver a capacidade para tomar decisións responsables.
- Desenvolver unha actitude de indagación e curiosidade por coñecer as características e demandas do seu entorno socioeconómico.

Destinatarios

Alumnos/as de 15 a 21 anos con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade e con expectativas para desenvolver competencias laborais futuras. Son 25 persoas e todos están matriculados en Programas Formativos de FPB.

Descrición das actividades. Temporalización.

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none">• Achegámonos a o coñecemento dunha cooperativa. Formación teórica.• Xestión da cooperativa: constitución, estatutos, actas, capital social.. logo e imaxe corporativa.	1º trimestre escolar
<ul style="list-style-type: none">• Estudio de mercado. Elección de produto.• Fabricación.• Etiquetado, empaquetado..	2º trimestre escolar
<ul style="list-style-type: none">• Mercado.• Avaliación	3º trimestre escolar

Realízase unha visita ao CIFP Manuel Antonio de Vigo o xoves 23 de marzo do 2017, como complemento á formación teórica.